

**PROGRAMACIÓN DOCENTE**  
**Linguaxe musical e educación auditiva**  
**curso 2020-21**

**ESQUEMA XERAL**

- i. Datos descritivos da materia
- ii. Contexto da materia
- iii. Obxectivos xerais
- iv. Adquisición de destrezas e habilidades
- v. Volume de traballo
- vi. Distribución de contidos: teóricos e prácticos
- vii. Metodoloxía docente
- viii. Avaliación da aprendizaxe
- ix. Observacións

**I.- DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA.**

<b>Nome da materia</b>	Linguaxe musical e educación auditiva
<b>Código</b>	NON CUBRIR
<b>Tipo (M / O / AC)</b>	Obradoiro
<b>Número máximo de alumnos (suxerido)</b>	20
<b>Curso</b>	1º
<b>Créditos Totais</b>	1,5
<b>Horas totais de traballo da/o estudante</b>	NON CUBRIR
<b>Cuadrimestre (especificar 1º/2º)</b>	2º
<b>Ámbito (H / T / XS / C / CS)</b>	H

H= humanístico, T= tecnolóxico, XS= xurídico social, C= científico, CS= ciencias da saúde

**I.1. Profesora/Profesor:**

**Coordinador/a da materia, se procede:**

<b>Profesor/a</b>	<b>Créditos (especificar A, P ou V)</b>	<b>Horario titorías</b>	<b>Lugar de Impartición</b>	<b>Lingua</b>
Isabel Gil Lloréns	1,5 A	isabelgilllorens@gmail.com		Castelán

A = aula P = laboratorio V = viaxe de estudos

**I. 2. Coñecementos previos aconsellados para cursar a materia, se procede:**

Non procede

## II.- ENCADRAMENTO DA MATERIA NO CICLO INTENSIVO

Esta materia encádrase no primeiro curso do Ciclo Intensivo do Programa de Maiores da UVIGO

## III.- OBXECTIVOS XERAIS

- Coñecer os elementos fundamentais da música, para comprender os códigos de lectura e escritura musical: exercitar o desenvolvemento auditivo (timbre, ritmo, melodía...).
- Interpretar fragmentos musicais básicos, levando o pulso de forma regular.
- Desenvolver unha escoita musical comprensiva acorde coas dificultades rítmicas e melódicas traballadas na aula.
- Interpretar fragmentos musicais básicos en grupo.
- Compartir vivencias musicais de grupo na aula que permitan enriquecer a relación afectiva coa música.
- Desenvolver a capacidade da escritura como elemento básico da linguaxe musical.

## IV.- ADQUISICIÓN DE DESTREZAS E HABILIDADES

Espérase dos alumnos que:

- Lean exercicios de ritmo e lectura con soltura e corrección.
- Realicen correctamente exercicios de entoación.
- Resolvan correctamente exercicios de percepción auditiva sobre aspectos traballados no curso.
- Adquiran a coordinación motriz necesaria para a correcta interpretación do pulso e do acento.

## V.- VOLUME DE TRABALLO

Técnica	Horas presenciais aula	Horas presenciais fora da aula	Factor de traballo do alumno	Horas de traballo persoal do alumno	Horas totais do alumno	Créditos
Clase maxistral	14					
Prácticas						
Viaxe de estudos						
Probas de avaliación	1					
<b>Total</b>						

**VI.- DISTRIBUCIÓN DE CONTIDOS**

**Programa teórico-práctico**

<b>Tema</b>	<b>Contidos</b>	<b>Duración</b>
1	<p>DE RÍTIMICA E LECTURA:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Percepción e identificación do pulso.</li> <li>• Elementos gráficos elementais (pentagrama, liñas divisorias, dobre barra final, clave de sol, liñas adicionais, nome das notas, figuras, silencios e signos de compás).</li> <li>• Práctica de figuras e fórmulas rítmicas: redonda, branca, negra, corchea, branca con puntillo.</li> <li>• Coñecemento de signos musicais que modifican a duración (puntillo, ligadura e calderón).</li> <li>• Compases de 2/4, 3/4 e 4/4.</li> <li>• Aplicación e práctica de textos a ritmos adecuados ao nivel.</li> <li>• Práctica de lectura de notas en clave de sol.</li> <li>• Indicacións de tempos. O metrónomo.</li> <li>• Iniciación aos elementos expresivos: respiración, ligadura, matices.</li> </ul>	
2	<p>DE PSICOMOTRICIDADE</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Reprodución de ritmos percutindo ambas mans ou utilizando instrumentos.</li> </ul>	
3	<p>MELÓDICOS</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Interpretación entoada de obras adecuadas ao nivel.</li> <li>• Interpretación e identificación dos termos e signos que afectan a expresión.</li> </ul>	
4	<p>AUDITIVOS</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Compases simples</li> <li>• Movementsos interválicos: ascendente-descendente, conxunto-disxunto, melódico-harmónico.</li> <li>• Práctica auditiva de movementos melódicos</li> <li>• Ditados rítmicos.</li> </ul>	
5		

**Programa práctico (se o houbera)**

<b>Tema</b>	<b>Actividades a desenvolver</b>	<b>Duración</b>
1	Asistencia a un concerto	
2		

**Viaxes de estudo (se as houbera)**

<b>Tema</b>	<b>Actividades a desenvolver</b>	<b>Duración</b>
1		

**Bibliografía básica**

López de Arenosa, E. (2001). Ritmo y lectura 1. Madrid: Real Musical.

Molina, E. ( 2004 ). Lenguaje Musical 1. Madrid: Enclave Creativa.

Robles Ojeda. Nuevo Lenguaje Musical I

**Bibliografía complementaria**

Navarrete, A. (2003). El lenguaje de la música, 1. Madrid: Sociedad Didáctico Musical.

Molina, E. (2004 ). Cuaderno de teoría 1. Madrid: Enclave Creativa.

Molina, E. ( 2004 ). Cuaderno de audición 1. Madrid: Enclave Creativa.

**VII.- METODOLOGÍA DOCENTE**

As clases consistirán nunha explicación teórica dos contidos musicais con posta en práctica inmediata dos mesmos: execución rítmica, lectura de partituras, audición activa, desenvolvemento motriz e exercicios de entoación.

**VIII.- AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE**

A avaliación será continua.

Unha asistencia ao 80 % das sesións garante o aprobado.

Para a nota final valorarase nun 70 % a asistencia, a participación nas clases e a actitude positiva cara á materia. O 30 % restante corresponderase coa nota obtida nas probas prácticas finais que consistirán en exercicios específicos relacionados cos contidos.

No caso de ter que avaliar sen presencialidade nas aulas, os porcentaxes serán de un 50 % asistencia e un 50% os exercicios propostos a través da rede.

**IX.- OBSERVACIÓNS**